



Galicia  
con nome  
de muller

**Fotografía:** Adolfo Enríquez · Alicia Domínguez

**Textos:** Oh My Word!

**Deseño e maquetación:** Oh My Word!

**Impresión:** Alva Gráfica

**Depósito legal:** C2056-2021

**ISBN:** 978-84-09-35829-8

**Edición:** Este proxecto editouse ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021-2022 da Xunta de Galicia.

# Índice

<b>Rosalía de Castro</b>	<b>6</b>
María Pita	10
<b>Concepción Arenal</b>	<b>16</b>
Juana de Vega	20
<b>Emilia Pardo Bazán</b>	<b>24</b>
Teresa Herrera	30
<b>Isabel Zendal</b>	<b>34</b>
Maruxa e Coralia Fandiño Ricart	38
<b>Antonia Ferrín Moreiras</b>	<b>42</b>
Ángela Ruiz Robles	46
<b>Ángeles Alvariño</b>	<b>50</b>
Micaela Chao Maciñeira	54
<b>Marcela e Elisa</b>	<b>58</b>
Heroínas de Sálvora	62
<b>Josefa Iglesias Vilarelle</b>	<b>66</b>
María a Guerrilleira	70
<b>Maruja Mallo</b>	<b>74</b>
A Bela Otero	78
<b>María Soliña</b>	<b>82</b>
Urraca I de León e Castela	86
<b>María Vinyals</b>	<b>90</b>
Elisa (Chichana) Patiño Meléndez	94
<b>Manuela Barreiro</b>	<b>98</b>
Pepa a Loba	102
<b>María Castaña</b>	<b>106</b>
Irmás Touza Domínguez	110
<b>Eugenia Pereira</b>	<b>114</b>
Nieves Fariza Alonso	118
<b>Monxas de Ramirás</b>	<b>122</b>

# Rosalía de Castro

---


María Rosalía Rita de Castro  
(Santiago, 1837 - Padrón, 1885)

---

*Poeta e novelista máis representativa da literatura galega.*

## CASA DA MATANZA | PADRÓN

A casa na que Rosalía residiu os últimos anos da súa vida restaurouse en 1971 e converteuse en Casa-Museo no ano 1972.



## RIBEIRAS DO SAR | SANTIAGO

O río Sar dá nome a un dos poemarios de Rosalía, *En las orillas del Sar*, publicado en 1884.



## SAN XULIÁN DE BASTAVALES | BRIÓN

Rosalía dedicou uns célebres versos ás campás de San Xulián de Bastavales no seu libro *Cantares Gallegos*.



## STA. MARÍA A MAIOR DE IRIA FLAVIA | PADRÓN

Rosalía estivo enterrada no cemiterio desta igrexa dende 1885 ata 1891.



## PANTEÓN DE GALEGOS ILUSTRES | SANTIAGO

Os restos de Rosalía de Castro foron trasladados en 1891 ao Panteón de Galegos Ilustres, co consentimento de Manuel Murguía e a familia da escritora.

Considerada unha das grandes poetas españolas do século XIX, é unha das figuras centrais do Rexurdimento galego e unha das precursoras da poesía española moderna e do existencialismo.

Os seus *Cantares Gallegos* considéranse a primeira grande obra da literatura galega contemporánea e son responsables da recuperación do prestixio e o renacer cultural do galego e da identidade de Galicia.

Rosalía conta con tres títulos clave dentro da súa produción: *Cantares Gallegos*, *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*. Todas estas publicacións reflicten a sensibilidade e o intimismo da autora, que ten na saudade e na reivindicación social os temas centrais da súa obra.

A Galicia de Rosalía é unha terra dura e maltratada. Os seus poemas falan da emigración e das precarias condicións de vida do campesiñado humilde. Tamén do compromiso social da escritora, que non dubidou en denunciar as inxustizas e a

exclusión, sufrida principalmente polas mulleres, motivo polo que Rosalía é considerada tamén un referente do feminismo.

Rosalía de Castro naceu en Santiago de Compostela, aínda que pasou boa parte da súa infancia e mocidade en Padrón. No ano 1856 trasladouse a Madrid, onde publicou o seu primeiro libro de poemas, unha obra que chamaría a atención de Manuel Murguía, co que casou en 1858.

O retorno definitivo de Rosalía a Galicia produciríase no 1871. Dende entón, a poeta viviría en Dodro, A Coruña, Santiago de Compostela e Padrón.

Afectada por unha saúde delicada durante toda a súa vida, Rosalía faleceu no 1885 por mor dun cancro de útero. Aínda que os seus restos foron depositados inicialmente no cemiterio de Adina, no 1891 estes foron trasladados ao Panteón de Galegos Ilustres do convento de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela.

María  
Pita

---

Mayor Fernández de la Cámara y Pita  
(1562/1568 - 1643)

---

*Heroína coruñesa, líder na defensa da cidade ante a invasión das tropas inglesas.*



## RÚA CORTADURÍA | A CORUÑA

Os catro matrimonios de María Pita motivaron que a heroína cambiase en numerosas ocasións de residencia. Unha delas atopábase no número 16 da rúa Cortaduría.



## PRAZA DE MARÍA PITA | A CORUÑA

Estatua de bronce que representa á heroína coa lanza coa que matou o alférez inglés. Coa outra man suxeita o corpo sen vida do seu marido.



## CASA MUSEO MARÍA PITA | A CORUÑA

Un pequeno museo recorda a vida da heroína coruñesa, na que foi a súa residencia oficial, na rúa Herrerías.

A xesta de María Pita enmárcase na primavera do 1589, cando a frota de Sir Francis Drake, corsario da mariña británica, é avistada ás portas da Coruña. Tratábase dun ataque en resposta á visita da Armada Invencible a Inglaterra, efectuada polo rei español, Felipe II, un ano antes.

Tras asediar a poboación e fallar no intento de penetrar nos muros da Cidade Vella mediante escalas, a armada inglesa fai estalar unha primeira mina na zona da muralla próxima ao convento de Santo Domingo. Os esforzos dos coruñeses por reparar o muro non son suficientes e, tras novas cargas, o exército inglés consegue derribar a muralla para penetrar na cidade.

O esgotamento, as numerosas baixas e os poucos medios cos que contan os coruñeses fan presaxiar a derrota. É entón cando o exército inglés, no seu avance intramuros, atopa coa figura de María Pita.

Esta valente muller, que vira morrer a moitos dos seus seres queridos durante o asedio, mata o alférez inglés e arrebatálle a bandeira, que enarboira sobre a súa cabeza, chamando aos seus veciños ao combate.

Con ánimos renovados por esta fazaña, os coruñeses lanzáronse enfurecidos contra os inimigos ingleses que, vencidos, se viron na obriga de retroceder, emprendendo a fuxida rumbo a Lisboa.

## RÚA DE SANTA MARÍA | A CORUÑA

Ante o asedio das tropas inglesas, a poboación refuxiouse no interior da Cidade Vella, organizándose e ofrecendo resistencia tras as súas murallas.



## CASTELO DE SAN ANTÓN | A CORUÑA

Aínda en construción, o castelo de San Antón tivo que soportar o ataque dos asaltantes británicos.

## PORTA E MURALLA DE SAN MIGUEL | A CORUÑA

Nas etapas iniciais do ataque, os ingleses intentaron penetrar na cidade a través das murallas, mediante escalas.



## CONVENTO DE SANTO DOMINGO | A CORUÑA

Os atacantes fixeron estalar unha mina nunha zona do muro próxima ao convento de Santo Domingo.

# Concepción Arenal

---

Concepción Arenal  
(Ferrol, 1820 - Vigo, 1893)

---

*Escritora, xornalista, activista e pioneira dos movementos feministas.*

## ANTIGA PRISIÓN PROVINCIAL | A CORUÑA

Concepción Arenal foi homenaxeada na colocación da primeira pedra desta prisión, construída para mellorar as condicións de vida dos presos, tal e como ela reclamaba.



## XARDÍNS DE MÉNDEZ NÚÑEZ | A CORUÑA

Monumento dedicado a Concepción Arenal, obra do arquitecto coruñés, Rafael González Villar.



## PAZO MUSEO MUNICIPAL QUIÑONES DE LEÓN | VIGO

A solaina pertencente á casa na que faleceu Concepción Arenal foi trasladada e instalada na parte posterior do xardín deste pazo.



Filla dun militar liberal natural de Santander, Concepción Arenal era unha muller culta que acadou a maior parte da súa formación como autodidacta a través da lectura. Con todo, esta pioneira enfrontaríase ás normas do seu tempo asistindo á Facultade de Dereito da Universidade de Madrid vestida de home, nun momento no que as aulas universitarias estaban prohibidas para as mulleres. Como consecuencia, Concepción Arenal non puido examinarse nin obter ningún título, pero o seu papel de oínte afianzou o seu interese polas cuestións penais e xurídicas.

No ano 1863 convértese na primeira muller nomeada visitadora de cárceres femininas, cargo para o que se traslada a residir á Coruña. Nesta etapa fixo grande amizade coa condesa de Espoz y Mina, Juana de Vega. Asistía aos faladoiros que a condesa organizaba na súa casa da Rúa Real e entre as dúas promoveron unha asociación para visitar as mulleres presas chamada das «Magdalenas».

Froito da súa experiencia como visitadora de cárceres, Concepción Arenal escribiría as famosas *Cartas a los delincuentes*, unha publicación na que aborda a necesidade de reformar o Código penal e mellorar as condicións das mulleres reclusas, e pola que sería cesada do seu cargo.

Ao longo da súa vida, Concepción Arenal publicou unha extensa obra, tratando sen medo temas sociais, penitenciarios e relativos á muller. Defensora da igualdade entre homes e mulleres, sempre reivindicou o libre acceso destas á educación e defendeu que as mulleres puidesen dedicarse a profesións vetadas para elas.

A pesar de non saír nunca de España, as súas obras acadaron repercusión e recoñecemento internacional, e moitos dos seus libros foron traducidos a outras linguas.

Juana de  
Vega

---

Juana de Vega  
(A Coruña, 1805 - 1872)

---

*Filántropa, activista e escritora liberal.*

## RÚA GALERA | A CORUÑA

O nome da rúa fai referencia á galera, prisión de mulleres, que aquí se atopa. No mesmo edificio constituíuse a asociación das “Magdalenas”, da que Juana de Vega formaba parte.





### RÚA REAL | A CORUÑA

Os salóns da residencia de Juana de Vega, no número 56 da Rúa Real, eran punto de reunión da sociedade liberal coruñesa e dos visitantes ilustres.

### CASA PAZO A CARBALLEIRA | OLEIROS

Sede da Fundación Juana de Vega, orixinariamente pensada como escola teórico-práctica de agricultura.



### HOSPITAL PSIQUIÁTRICO DE CONXO | SANTIAGO

O labor de Juana de Vega foi fundamental para conseguir que Galicia contase cun Hospital Psiquiátrico moderno, en Conxo.

Juana de Vega recibiu dos seus pais unha completa formación en letras e humanidades, e un gusto marcado pola lectura e a cultura. Posuía dunha gran conciencia social, da súa familia herdara o activismo político e a paixón por axudar aos desfavorecidos.

Os salóns da súa casa eran punto de reunión da sociedade liberal coruñesa e dos visitantes ilustres, o que converteu o seu fogar nun santuario da causa progresista. Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina, xogaríade ademais un papel fundamental no apoio aos Xogos Florais de 1861, punto de partida do Rexurdimento.

Comprometida coas iniciativas culturais e sociais, era unha firme defensora da educación como mecanismo para o progreso, polo que mantivo economicamente numerosas escolas para nenos. Foi tamén responsable do financiamento e dirección

do hospital provisional habilitado para atender os afectados pola epidemia de cólera que asolou a cidade da Coruña entre os anos 1853 e 1854; promotora da delegación da Cruz Vermella na Coruña e figura fundamental para a creación dun Hospital Psiquiátrico moderno en Conxo (Santiago de Compostela), un proxecto ao que dedicaría sete anos de esforzos e que non se materializaría ata despois da súa morte.

Amiga e colaboradora de Concepción Arenal, as dúas mulleres reclamaron publicamente peticións de indulto para os condenados a morte e protestaron pola supresión das Conferencias da Congregación de San Vicente de Paúl, destinadas á axuda de persoas desfavorecidas.

Juana de Vega faleceu no ano 1872 na súa casa da Rúa Real, na Coruña.

Emilia  
Pardo Bazán

---

Emilia Pardo-Bazán y de la Rúa-Figueroa  
(A Coruña, 1851 - Madrid, 1921)

---

*Escritora e intelectual, pioneira na defensa dos dereitos da muller, primeira catedrática universitaria e primeira correspondente no estranxeiro.*

## PAZO DE MEIRÁS | SADA

Emilia Pardo Bazán mandou construír este edificio, no que residía durante varios meses ao ano. Adoitaba escribir na Torre da Quimera, a máis alta do edificio.



## RÚA TABERNAS | A CORUÑA

A casa museo de Emilia Pardo Bazán está situada no número 11 da rúa Tabernas, antiga residencia familiar da escritora na Coruña.



## CASTELO DE SANTA CRUZ | OLEIROS

Esta antiga fortificación militar foi adquirida por José Quiroga, marido de Pardo Bazán, e funcionaba como residencia de verán para a familia antes da súa separación.



Filla do conde don José Pardo-Bazán y Mosquera e dona Amalia de la Rúa-Figueroa y Somoza, a orixe aristocrática de Emilia Pardo Bazán –ela mesma ostentaba o título de condesa– permitiu-lle recibir unha educación de primeiro nivel. Formada en idiomas, literatura, historia e filosofía, negouse a centrar a súa educación na música e a economía doméstica, materias destinadas tradicionalmente ás mulleres. Con todo, a súa condición de muller impediulle asistir á universidade, reservada unicamente para os homes a finais do século XIX.

Novelista, poeta, xornalista, tradutora, crítica literaria, editora, conferenciante... Dende moi pequena, Emilia Pardo Bazán manifestou o seu amor pola lectura e foi unha escritora precoz, tal e como demostran os primeiros versos e pequenos relatos que empezou a escribir con apenas dez anos. Serían os comezos da que se convertería nunha das grandes escritoras europeas da súa xeración.

Introdutora do naturalismo en España, Emilia Pardo Bazán acadou a culminación desta corrente literaria francesa na súa publicación máis célebre *Los pazos de Ulloa*, que retrata a decadencia do

mundo rural galego e da aristocracia.

A partir do 1890, a súa obra comeza a explorar outras correntes como o idealismo e o simbolismo, e a facer máis patente a compoñente feminista, que tamén se manifestaba na súa vida pública.

Defensora da educación e dos dereitos das mulleres, Emilia Pardo Bazán loitou incansablemente pola emancipación social e intelectual da muller, sendo ela mesma unha pioneira. Foi a primeira catedrática de Literatura na Universidade Central de Madrid, a primeira presidenta da sección de Literatura do Ateneo de Madrid e a primeira correspondente de prensa no estranxeiro, en Roma e París. Con todo, ao longo da súa vida, Emilia Pardo Bazán sufriu numerosas discriminacións, como demostra o feito de que os seus compañeiros escritores lle negasen ata tres veces o ingreso na Real Academia Española.

O recoñecemento público non lle chegaría ata despois de morta, cando toda a prensa española destacou uns méritos que se lle privaran sistematicamente en vida polo simple feito de ser muller.

## PAZO TORRE DE MIRAFLORES | SANXENXO

Emilia Pardo Bazán residiu durante os veráns da súa infancia na Torre de Miraflores, que tamén mencionou nos seus escritos.



## PRAZA MAIOR | CARBALLIÑO

A Casa dos Quiroga era a residencia familiar do marido de Emilia Pardo Bazán. Unha placa rememora a figura da escritora e a súa relación con Carballiño, escenario da novela *El cisne de Vilamorta*.



## PAZO DE BANGA | CARBALLIÑO

Emilia Pardo Bazán residiu neste pazo despois de casar con José Quiroga. A escritora referíase a esta construción como o 'balcón do Ribeiro'.

Teresa  
Herrera

---

Teresa Margarita Herrera y Pedrosa  
(A Coruña, 1712 - 1791)

---

*Filántropa coruñesa, promotora da construción do primeiro  
Hospital de Caridade da cidade.*

## RÚA HOSPITAL | A CORUÑA

O actual Instituto Zalaeta ocupa o lugar onde se construíu o Hospital de Caridade, froito das doazóns de Teresa Herrera.



## CORDONERÍA | A CORUÑA

Teresa Herrera facía de xeonllos o traxecto dende a súa casa familiar, na Cordonería, ata a igrexa de San Nicolás.



## IGREXA DE SAN NICOLÁS | A CORUÑA

As esmolas dos fieis desta igrexa axudábana a financiar o refuxio para mulleres enfermas e sen recursos que tiña na súa casa.



## RÚA PANADERAS | A CORUÑA

Entre as propiedades doadas por Teresa Herrera á Congregación das Dores para a construción do hospital atopábase un inmoble na chamada Casa do Patín, na rúa Panaderas.



## PRAZA DO PINTOR ÁLVAREZ DE SOTOMAYOR | A CORUÑA

Teresa Herrera residiu tamén ao longo da súa vida na Praza do Pintor Álvarez de Sotomayor.

Teresa Herrera naceu na rúa Cordonería, no seo dunha familia humilde. Orfa de pai aos 4 anos, marchou da casa moi nova para non ser unha carga para a súa familia. Con todo, regresaría para coidar da súa nai enferma.

Tras a morte da nai, Teresa recibiu varias propiedades en herdanza, coa condición de facerse cargo de dúas das súas irmás. Non serían as únicas mulleres que permanecerían ao seu coidado, pois Teresa Herrera empregou a casa familiar para dar asilo a mulleres enfermas e sen recursos, un labor que financiaba coa súa escasa renda e as esmoilas que obtiña dos fieis na igrexa de San Nicolás.

Precisamente porque adoitaba facer o traxecto entre a súa casa e a igrexa de xeonllos, mostra da súa devoción, era coñecida na cidade como «a vella bruxa» e «Teresa dos demos», pois moitos

pensaban que o facía para afastar os malos espíritos que tiña no corpo.

Aos 77 anos de idade, Teresa Herrera cedeu as súas posesións á Confraría da Virxe das Dores para a construción dun Hospital de Caridade. Malia que non chegaría a velo construído, si foi testemuña da colocación da primeira pedra dun edificio destinado a fins de maternidade e orfanato. O obxectivo era facilitar ás mulleres sen recursos un lugar no que dar a luz na intimidade e evitar así o abandono dos pequenos.

Este Hospital de Caridade, e máis concretamente a súa Casa de Expósitos, tivo un papel fundamental na Real Expedición Filantrópica da Vacina, protagonizada por outra galega ilustre: Isabel Zendal.

Isabel  
Zendal

---

Isabel Zendal  
(A Agrela, 1773 - México, ?)

---

*Primeira muller española en participar nunha expedición sanitaria internacional, considerada a primeira misión humanitaria da historia.*



## A AGRELA | ORDES

Isabel Zandal naceu nunha humilde casa labrega, na aldea ordense da Agrela.



## RÚA HOSPITAL | A CORUÑA

Isabel Zendal comezou a traballar no ano 1800 na Casa de Expósitos do Hospital de Caridade, fundado por Teresa Herrera.



## PORTO DA CORUÑA | A CORUÑA

A Real Expedición Filantrópica da Vacina partiu do porto da Coruña o 30 de novembro de 1803.

Isabel Zendal nace no seo dunha familia labrega moi humilde. Despois de trasladarse á Coruña como nai solteira, consegue facerse enfermeira e entrar a traballar, no 1800, na Casa de Expósitos do Hospital de Caridade da cidade. Como reitora da institución, está ao cargo do coidado dos orfos.

O 30 de novembro de 1803, Isabel Zendal sería a única muller en embarcar na Real Expedición Filantrópica da Vacina, que parte do Porto da Coruña na corveta *María Pita*. Trátase dunha misión internacional promovida polo rei Carlos IV e dirixida polo médico Francisco Javier Balmís, co obxectivo de facer chegar a vacina da varíola ás colonias españolas en América.

Para conseguilo, a vacina foi inoculada e transportada nos brazos de 22 nenos, de entre 8 e 10 anos. Formando unha cadea humana de vacina-

ción brazo a brazo, a expedición conseguiu manter con vida o virus durante a longa travesía, e fixo que a vacina permanecese activa e co seu poder profiláctico intacto.

Ademais de encargarse do coidado e acompañamento dos nenos durante a viaxe, Isabel Zendal tamén foi a responsable de seleccionar a eses 22 rapaces, atendendo e prestando especial atención a que non padecesen enfermidades previas e contasen cunhas condicións físicas que garantisen o éxito da misión. Xa en América, a enfermeira continuaría o seu labor, seleccionando e atendendo os nenos e nenas que se incorporaron á cadea humana de conservación da vacina.

Isabel Zendal foi definida por Edward Jenner, pai da inmunoloxía e pioneiro da vacina contra a varíola, como un «exemplo de filantropía nobre e extenso».

Maruxa e Coralia  
Fandiño Ricart

---

Maruxa (Santiago, 1898-1980) e  
Coralía (Santiago, 1914-1983) Fandiño Ricart

---

*Símbolo de liberdade fronte á represión e figuras representativas  
de Santiago de Compostela.*

## ALAMEDA | SANTIAGO

Dende 1994, Maruxa e Coralia Fandiño Ricart son recordadas no parque da Alameda cunha icónica estatua, obra do escultor vasco, César Lombra.



## RÚA ESPÍRITO SANTO | SANTIAGO

A casa familiar dos Fandiño Ricart atopábase no número 16 da rúa do Espírito Santo, onde a nai tiña ademais un taller de costura e bordado.



## PORTA FAXEIRA | SANTIAGO

Un dos puntos do percorrido diario das irmás Maruxa e Coralia.



## RÚA DO FRANCO | SANTIAGO

«As dúas Marías» tamén paseaban o seu vestiario e maquillaxe extragante pola famosa rúa do Franco.



## PRAZA DO TOURAL | SANTIAGO

O ultramarinos Carro, situado na Praza do Toural, ofrecíalles ás irmás Fandiño axuda en forma de alimentos, como se se tratase de promocións e non de esmolos.

«As dúas Marías» ou «As dúas en punto» foron dúas irmás compostelás que son hoxe un dos símbolos máis recoñecibles da capital galega, grazas á estatua que as lembra en plena Alameda da cidade.

Fillas dun zapateiro e dunha costureira, a afiliación anarco-sindicalista dos seus irmáns marcou a vida destas mulleres, sistematicamente acosadas polos falanxistas, que acudían á casa familiar e eran sometidas a todo tipo de humillacións e malos tratos, ante a imposibilidade de daren co paradoiro dos varóns da familia.

A acusación de vinculación cos anarquistas tivo tamén consecuencias nefastas na súa situación económica. As irmás tiveron que abandonar o oficio de costureiras despois de perder os seus

clientes e pasaron a vivir da beneficencia dos veciños de Compostela, que atopaban formas sutís de axudalas sen ofrecerlle directamente esmolas.

Con todo, Coralia e Maruxa, inicialmente acompañadas da súa irmá Sarita, que faleceu nova, foron as responsables de encher as rúas compostelás de cor e alegría durante moitos anos. Saían a diario, ás 2 da tarde, a dar o seu habitual paseo polo centro de Santiago. Un percorrido no que sempre sorprendían cos seus extravagantes modelos e maquillaxe, así como coa súa actitude; gabando aos universitarios e flirteando con eles, algo impensable para a maioría das mulleres da época. Un sopro de liberdade e esperanza nunha época na que o pesimismo e a represión imperaban.

Antonia  
Ferrín Moreiras

—  
Antonia Ferrín Moreiras  
(Ourense, 1914 - Santiago, 2009)  
—

*Matemática, docente, investigadora e primeira muller astrónoma  
galega.*



## OBSERVATORIO DA USC | SANTIAGO

No ano 1950, Antonia Ferrín Moreiras conseguiu entrar a traballar no Observatorio da USC, fundado polo seu mentor e amigo, Ramón María Aller.





### **FACULDADE DE X<sup>a</sup> E H<sup>a</sup> | SANTIAGO**

A actual Facultade de Xeografía e Historia albergaba orixinalmente a Facultade de Ciencias, onde comezou os seus estudos superiores Antonia Ferrín.

### **FACULDADE DE QUÍMICA | SANTIAGO**

A actual Facultade de Química foi seo inicialmente da Facultade de Matemáticas, onde Ferrín conseguiu a súa terceira licenciatura.



### **FONSECA | SANTIAGO**

A antiga Facultade de Farmacia atopábase no Pazo de Fonseca, outro dos lugares nos que cursou os seus estudos Antonia Ferrín.

Filla dun profesor de matemáticas, a orixe humilde de Antonia non impediu que a súa familia se trasladase a Santiago de Compostela cando ela tiña 6 anos para cumprir o obxectivo do pai: que as súas catro fillas fixesen carreira universitaria.

Antonia destacou sempre nos estudos e, con 16 anos, comezou a súa formación en Química na Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago para licenciarse no 1935 e obter o Título de Mestra Nacional.

Entre 1934 e 1936, traballou simultaneamente como profesora axudante de Física e Matemáticas e axudante interina do Departamento de Ciencias do Instituto Arcebispo Xelmírez, ademais de estudar a licenciatura de Farmacia e os cursos de Ciencias Exactas.

Tras un parón provocado pola Guerra Civil, Antonia volveu exercer como profesora na Facultade de Ciencias no 1940. Ese ano tamén remataría a súa licenciatura en Farmacia e coñecería a Ramón María Aller, fundador e director do Observa-

torio Astronómico da USC, co que traballaría de forma estreita durante máis de 20 anos.

No ano 1950, Antonia Ferrín conseguiu a súa terceira licenciatura, a de Matemáticas, pola Universidade Central de Madrid, e, no 1963, o doutoramento en Astronomía, cunha tese que sería a primeira defendida por unha muller tanto en España coma na Facultade de Ciencias da USC.

Non foi o único fito de Antonia Ferrín como pioneira, pois tamén foi a primeira muller en formar parte do cadro de profesores da Facultade de Ciencias da USC (hoxe Matemáticas) e en realizar traballos de investigación en astronomía.

Ademais de profesora na USC, Antonia Ferrín exerceu como catedrática de Matemáticas na Escola Normal de Maxisterio de Santander, na Escola Normal Feminina de Santiago, na Escola de Maxisterio Santa María de Madrid e na Universidade Complutense.

Ángela  
Ruiz Robles

—  
Ángela Ruiz Robles (Vilamarín, 1895 - Ferrol, 1975)

—  
*Mestra, pedagoga e precursora do libro electrónico.*

## SANTA UXÍA DE MANDIÁ | FERROL

Ángela Ruiz Robles conseguiu a súa primeira praza fixa de mestra na aldea de Santa Uxía de Mandiá.



## COLEXIO RECIMIL | FERROL

Antigo Instituto Ibáñez Martín, onde Ángela Ruiz Robles traballou como mestra.



## ANTIGO HOSPICIO | FERROL

No ano 1934, Ángela Ruiz Robles asumiu o cargo de xerente da Escola Nacional de Nenas do Hospicio de Ferrol.



## SOCIEDADE GALEGA DE Hª NATURAL | FERROL

O prototipo da súa 'Enciclopedia Mecánica' fabricouse no Parque da Artillería de Ferrol, situado na actual sede do Museo de Historia Natural da cidade.



## CONCELLO DE FERROL | FERROL

O edificio do Concello de Ferrol conta cunha placa en recoñecemento dos traballos como mestra, pedagoga e inventora de Ángela Ruiz Robles.

Ángela Ruiz Robles cursou estudos superiores na Escola de Mestras de León, onde impartiu as súas primeiras clases. No 1918, trasladouse á pequena aldea coruñesa de Santa Uxía de Mandiá, cunha praza fixa de mestra.

Caracterizada polo seu inconformismo, polo desexo de evolucionar o sistema educativo e pola súa vocación didáctica, era habitual que visitase os fogares dos seus veciños despois da xornada laboral para darlles clases de forma altruísta.

No ano 1934 asumiu o cargo de xerente da Escola Nacional de Nenas do Hospicio de Ferrol, destinada á integración social dos nenos abandonados a través da formación.

Tamén sería mestra no Instituto Ibáñez Martín, na Escola de San Xosé Obreiro, á que acudían alumnos procedentes dos estaleiros, e na súa propia academia, Elmaca, na que formaba a rapaces e rapazas que quedaran sen traballo na posguerra. Este espazo, situado no seu domicilio particular, converteuse ademais nun importante centro social da vida ferrolá.

A súa busca dun sistema que mellorase e facilitase a aprendizaxe dos alumnos, sumada á súa inventiva, levaron a esta mestra a crear e patentar o primeiro prototipo de libro electrónico, 20

anos antes da chegada destes dispositivos. No 1949 rexistrou a súa primeira patente como «procedemento mecánico, eléctrico e a presión de aire para lectura de libros».

Dende 1952, Ruiz Robles traballou nun proxecto aínda máis ambicioso, a ‘Enciclopedia Mecánica’, unha evolución do seu achado anterior. O obxectivo era mellorar a pouca practicidade das enciclopedias tradicionais, co seu excesivo volume e desequilibrio nos contidos. A dificultade de financiamento do proxecto levouna a patentar o seu invento no 1962 como «aparato para lecturas e exercicios diversos», nunha versión simplificada da súa idea orixinal. Nese mesmo ano construíuse un prototipo nos talleres do Parque da Artilleería de Ferrol.

O feito de que a descuberta de Ruiz Robles combinase distintos elementos como o son, a iluminación, os enlaces textuais, a posibilidade de escritura e de actualización, e a multidisciplinidade nun aparello portátil e de pouco peso, fai que os seus inventos poidan ser considerados os verdadeiros precursores do libro electrónico, moito antes de que a tecnoloxía informática permitise proporcionar as características dinámicas e interactivas deste tipo de dispositivos.

Angeles  
Alvariño

---

Ángeles Alvariño  
(Serantes, 1916 - San Diego, California, 2005)

---

*Oceanógrafa galega, primeira muller científica nun barco de investigación británico e descubridora de 22 novas especies de plancto.*



## SERANTES | FERROL

Ángeles Alvariño naceu en Serantes, fronte á costa de Ferrol. Nas súas propias palabras: “nacín nunha noite de furacán. Voaban tellas, caían árbores e murallas. Así me embelesa o vento, o mar furioso e as olas bravas e arrogantes batendo as costas graníticas”.





## **LABORATORIO DO CENTRO OCEANOGRÁFICO | VIGO**

O laboratorio do Centro Oceanográfico de Vigo instalouse no ano 1935 na rúa Nicolás Salmerón, hoxe coñecida como Areal.

Ángeles Alvariño estudou en Santiago de Compostela o Bacharelato Universitario en Ciencias e Letras e, un ano despois, trasladouse a Madrid para iniciar os seus estudos de Ciencias Naturais. O peche das aulas durante a Guerra Civil motivou o seu regreso a Galicia. Durante este período, Alvariño dedícase a aprender francés e inglés, algo fundamental para a súa futura carreira no estranxeiro.

Finalizou os seus estudos no 1941 e, tras exercer durante anos como profesora de colexios universitarios en Ferrol, incorporouse por méritos propios ao Instituto Español de Oceanografía, nun momento no que este non admitía mulleres. Dous anos máis tarde, conseguiría unha praza no Centro Oceanográfico de Vigo, onde comezou a estudar o zooplancto.

Os seus estudos levaríana a conseguir, no 1953, unha bolsa do British Council para investigar no

Reino Unido. Alí converteríase na primeira muller científica en traballar a bordo dun barco británico de investigación.

Tres anos despois, trasladouse aos Estados Unidos para continuar as súas investigacións en prestixiosas institucións oceanográficas e científicas americanas. Grazas ao traballo investigador de toda a súa carreira, Alvariño descubriu para a ciencia 22 novas especies de plancto.

Tras a súa xubilación, en 1987, Ángeles Alvariño continuou traballando como científica emérita escribindo, participando en expedicións por todo o mundo e dando a coñecer a historia das ciencias mariñas en España. Hoxe, un dos buques oceanográficos máis avanzados da frota española leva o seu nome.

Micaela Chao  
Maciñeira

---


Micaela Chao Maciñeira  
(Susavila, 1892 - A Coruña, 1928)

---

*Pioneira das Irmandades da Fala.*

## SUSAVILA | VIVEIRO

Micaela Chao Maciñeira naceu na aldea de Susavila, no concello de Ortigueira.





## RÚA RIEGO DE AGUA | A CORUÑA

No interior do edificio situado no número 38 da rúa Riego de Agua, tivo lugar a fundación das Irmandades da Fala, no ano 1916.

Micaela Chao emigra moi nova á Habana coa súa familia, onde participa da vida cultural da cidade con outros galegos emigrados, como Curros Enríquez, e abraza o ideario galeguista.

Xa de volta en Galicia, concretamente na Coruña, Micaela Chao forma parte do movemento que reclama a necesidade de defender a lingua e os intereses dos galegos e galegas. Ela sería a única muller asistente á xuntanza fundacional das Irmandades da Fala, levada a cabo na Coruña no 1916, e a primeira en facer oficial a súa afiliación ao movemento. Un ano despois formaría parte da delegación das Irmandades da Fala en Cataluña.

Micaela Chao foi ademais a principal impulsora dunha sección feminina nas Irmandades na Coruña, que se encargaría da edición de propaganda, recollida de información sobre a situación laboral da muller galega e impulso da protección da muller emigrada. Así pois, Micaela Chao colaboraría como actriz nas sesións teatrais do Conservatorio Nacional da Arte Galega, tocando tamén o piano nos entreactos das funcións.

En novembro de 1928, con só 36 anos, Micaela falece de forma inesperada a causa dunha nefrite.

# Marcela e Elisa

---

Marcela Gracia Ibeas e  
Elisa Sánchez Loriga

---

*Pioneiras do movemento LGTBI. Coa súa voda, no 1901,  
adiantáronse máis dun século á legalización do matrimonio  
homosexual en España.*



## PRAZA DE MARÍA PITA | A CORUÑA

Marcela e Elisa coñecéronse na Escola Normal de Mestras da Coruña, que se atopaba na Praza de María Pita.



## IGREXA DE SAN XURXO | A CORUÑA

O 8 de xuño de 1901, Marcela e Elisa contraeron matrimonio na igrexa de San Xurxo, onde Elisa acudiu disfrazada de home.



## DUMBRÍA

As dúas mulleres residían xuntas en Dumbría, a onde regresaron unha vez casadas e onde o seu engano foi descuberto.

Marcela e Elisa coñécense na Escola Normal de Mestras da Coruña. A súa estreita relación non tarda en chamar a atención no ambiente católico da institución, motivo polo que a familia de Marcela decide enviala a Madrid para rematar os seus estudos.

A distancia non consegue romper o vínculo entre elas. Marcela regresa de Madrid destinada a Calo, en Vimianzo, e, máis tarde, a Dumbría. Elisa, que traballa como mestra interina en Couso, visítala regularmente.

O 8 de xuño de 1901, as dúas mulleres casan na igrexa de San Xurxo, na Coruña, nunha cerimonia oficiada polo párroco Víctor Cortiella. Para poder

levala a cabo, Elisa preséntase vestida de home, e faise pasar polo seu suposto curmán, Mario Sánchez, bautizado polo mesmo sacerdote antes de contraer matrimonio.

Marcela e Mario regresan a Dumbría, onde viviran ata entón como dúas mulleres. O engano é rapidamente descuberto polos seus veciños e a noticia do matrimonio sen marido acada unha enorme repercusión na prensa. Como consecuencia, dítase contra elas unha orde de busca e captura que as fai fuxir a Porto, onde finalmente son apresadas pola policía portuguesa. Tras pasar varias semanas no cárcere, son absoltas e foxen a Bos Aires.

# Heroínas de Sálvora

---

María Fernández Oujo, Cipriana Crujeiras,  
Cipriana Oujo Maneiro e Josefa Parada

---

*Heroínas de Sálvora. Participaron, con axuda dunha pequena embarcación, no rescate da maior traxedia marítima civil sucedida en Galicia no século XX.*

## COSTA DE SÁLVORA | SÁLVORA

A madrugada do 2 de agosto de 1921, o buque *Santa Isabel* naufragaba moi preto da illa de Sálvora.





## **COSTA DE SÁLVORA | SÁLVORA**

Tan só 3 embarcacións puideron saír esa madrugada de Sálvora para socorrer aos náufragos. Unha delas era a ocupada por tres das heroínas de Sálvora. A cuarta muller agardaba en terra para acoller aos rescatados.

O buque correo *Santa Isabel*, da Compañía Transatlántica Española, medía 89 metros de eslora, 12 metros de manga e tiña unha capacidade para máis de 500 persoas, entre pasaxeiros e tripulantes. A madrugada do 2 de agosto de 1921, unha forte tormenta fixo que o buque se refuxiase nas costas da ría de Arousa. A escasa visibilidade e as fortes ondas provocaron que o *Santa Isabel* chocase cunhas rochas que abriron numerosos buratos no seu casco e fixeron que afundise. No naufraxio morreron 213 persoas.

Tan só tres pequenas embarcacións puideron saír de Sálvora aquela madrugada ao rescate do *Santa Isabel*. Unha dirixiuse a Ribeira, para dar avi-

so do naufraxio, e as outras dúas centráronse no rescate dos náufragos. Unha desas embarcacións era a ocupada por tres destas mulleres, de idades comprendidas entre os 16 e os 24 anos. A cuarta muller, Cipriana Crujeiras, de 14 anos, recibía os náufragos rescatados en terra e ofrecíalles roupa seca, acubillo e comida.

As heroínas de Sálvora lograron rescatar co seu pequeno bote á metade dos 55 superviventes do naufraxio. Fixérono nunha noite de temporal, con pouca visibilidade e sen seren mariñeiras expertas, arriscándose a facer varias viaxes para conseguilo.

Josefa Iglesias  
Vilarelle

—  
Josefa Iglesias Vilarelle  
(Santiago, 1883 - Pontevedra, 1966)  
—

*Creadora do primeiro texto didáctico elaborado por unha muller  
e o primeiro manual de aprendizaxe do galego, Método de  
lectura.*



## MOURENTE | PONTEVEDRA

Josefa Iglesias Vilarelle aprobou as oposicións de Maxisterio no ano 1908, e trasladouse a Mourente logo de exercer como mestra en Carnota.





## **MOURENTE | PONTEVEDRA**

Josefa Iglesias Vilarelle era coñecida como a 'mestra de Mourente', pois foi nesta parroquia pontevedresa onde exerceu como profesora durante boa parte da súa vida.

Josefa Iglesias Vilarelle viviu en Pontevedra desde a infancia e alí cursou os estudos de Maxisterio. Unha vez conseguida a praza de profesora, traballou durante algún tempo en Carnota para finalmente exercer a profesión en Mourente.

Foi unha das doce mulleres que participaron no Seminario de Estudos Galegos e sempre estivo preocupada polo emprego do galego no ensino e nas escolas rurais.

Iglesias Vilarelle creou o *Método de lectura*, considerado o primeiro manual de aprendizaxe do galego. A pesar de partir de métodos de estudo tradicionais, cunha clara óptica conservadora e católica, a autora introduciu no seu *Método* a xeografía, o folclore e o medio rural galego como base do coñecemento e aprendizaxe, avanzando de forma moi importante na galeguización da escola.

# María a Guerrilleira

---

María Araújo  
(Carril, 1904 - A Habana, 1989)

---

*Defensora da igualdade e dos direitos laborais das mulleres.*

## RÍA DE VIGO | VIGO

Ao seu retorno a Galicia, no ano 1932, María Araújo aséntase en Vigo coa súa familia. O seu marido enrólase nun pesqueiro e ela traballa nunha fábrica conserveira.



## BOUZAS | VIGO

No ano 1944, tras conseguir saír de prisión, María Araújo parte dende Bouzas de regreso a Cuba.



## ANTIGA FÁBRICA ALFAGEME | VIGO

María Araújo chegou a dirixir o sindicato que agrupaba a vinte e cinco mil traballadoras das fábricas conserveiras de Vigo, loitando polos seus dereitos e salarios.

Malia nacer en Galicia, María Araújo críase en Cuba, onde se inicia nas loitas proletarias e se uniu, co seu marido, ao movemento comunista cubano e á loita de clases a través do traballo sindical.

Tras retornar a Galicia coa súa familia, comeza a traballar nunha fábrica de conservas de Vigo. Alí lidera o Sindicato de Conserveiras e loita por mellorar as condicións laborais das súas compañeiras, esixindo ademais a igualdade salarial, algo que a leva a enfrontarse aos armadores, que pagaban baixos salarios ás mulleres.

Co inicio da Guerra Civil, pasa á clandestinidade e forma parte da loita guerrilleira en Redondela. Foi apresada e levada á cadea coa súa filla Dora.

Grazas á intermediación do cónsul cubano, María Araújo é liberada no 1944 e regresa a Cuba. Alí continuou coa súa loita, recadando axuda para o pobo español e traballando contra o ditador Batista, cun destacado papel a prol da revolución cubana.

*Maruja Mallo*

—  
Ana María López González  
(Viveiro, 1902 - Madrid, 1995)  
—

*Unha das principais artistas da Xeración do 27 e unha das mulleres máis relevantes dentro da pintura en España, referente internacional do surrealismo figurativo.*



## BELUSO | BUEU

Maruja Mallo pasou unha tempada do verán de 1936 en Bueu, concretamente na praia de Beluso, acompañada do sindicalista Alberto Fernández “Mezquita”.





## BELUSO | BUEU

A vida mariñeira da zona inspirou un caderno de debuxo da pintora, o 'Caderno de Bueu', que aínda se conserva.

Estudou na Real Academia de Belas Artes de San Fernando, onde fixo amizade con Salvador Dalí, e entrou no ambiente do surrealismo e da Xeración do 27. Relacionouse con figuras como Lorca, Alberti, Ortega y Gasset, Pablo Neruda ou Miguel Hernández, ademais de con relevantes artistas estranxeiros, como André Bretón ou Andy Warhol.

Libre, transgresora, independente e defensora da igualdade entre xéneros, Mallo abandonou a Academia de Belas Artes por estar en contra do seu ríxido sistema e formou parte das «sen sombreiro», un grupo de mozas intelectuais que escandalizou á sociedade saíndo á rúa sen esa prenda, fundamental para as mulleres da época.

Aínda que escapaba de etiquetas e a súa carreira artística foi un proceso continuo de experimentación técnica e formal, a súa obra enmárcase dentro do surrealismo. Nos anos 20, viviu unha etapa colorista, alegre e optimista, mentres que

na década dos 30, a súa creación tórnase máis sombría e apagada, introducindo unha nova experimentación técnica. Máis tarde, recuperaría o equilibrio e a harmonía, demostrando un gran talento na pintura figurativa.

No verán de 1936, coincidindo co inicio do golpe militar, Mallo pasou unha tempada en Bueu, concretamente en Beluso. Durante a súa estancia realizou unha serie de debuxos vencellados ás xentes da zona e ás súas artes de pesca, conformando un caderno de debuxo que aínda se conserva, o 'Caderno de Bueu'. Estes deseños, nos que aparecen arquetipos femininos fortes e múltiples referencias ao mar a través da pesca e os oficios, serán o xerme da súa primeira serie pictórica de importancia en Arxentina, a onde se exiliou con motivo do estalido da Guerra Civil.

Mallo permanecerá fóra de España ata os anos 60, cando por fin regresa ao seu país tras máis de 25 anos de exilio.


*A Bela Otero*


—  
Agustina Otero Iglesias  
(Valga, 1868 - Niza, 1965)  
—

*Icona da Belle Époque e primeira artista española celebrada internacionalmente.*

## VALGA

A bailarina, cantante, actriz e cortesá da *Belle Époque* era natural do concello de Valga.





## VALGA

A Bela Otero legou os seus escasos bens ás familias máis necesitadas do seu concello natal de Valga.

Filla de nai solteira e cunha infancia de abusos e miseria, Agustina Otero sufriu unha brutal violación con tan só 10 anos, un traumático suceso que ademais a deixou estéril. Dous anos despois, marcha da casa para reaparecer como bailarina en Barcelona baixo o nome que a acompañaría o resto da súa vida: Carolina Otero.

No ano 1889 foi descuberta polo empresario estadounidense Ernest Jungers, que se converteu no seu mecenas. Jungers refinouna e instruíuna en idiomas, danza e canto. Xuntos inventarían, ademais, un novo pasado para a Otero, que conquistou a todos durante a época dourada do teatro Folies Bergère de París.

No ano 1890, a Bela Otero debutou con grande éxito en Nova York, para a continuación percorrer

as principais capitais europeas e suramericanas co seu espectáculo de canto e baile sensual.

Cóntase que entre os seus amantes se incluían seis monarcas: o príncipe Alberto I de Mónaco, Leopoldo II de Bélxica, Alfonso XIII de España, o tsar Nicolás II de Rusia, o káiser Guillermo II e Eduardo VII de Inglaterra.

Foi tamén musa de escritores e pintores, como Renoir e Toulouse-Lautrec.

A Bela Otero retirouse ao comezo da I Guerra Mundial e dedicouse dende entón a apostar e perder a súa fortuna na ruleta do casino de Montecarlo. Faleceu nunha pensión de Niza aos 97 anos, deixando todas as súas posesións, 609 francos, ás familias máis necesitadas da súa Valga natal.

*María Soliño*

---

María Soliño  
(Cangas do Morrazo, 1551 - ?)

---

*Acusada de meiga, foi aprisionada, torturada e desposuída dos seus bens pola Inquisición.*



## COSTA DE CANGAS | CANGAS

A historia de María Soliña estivo marcada polo ataque dos corsarios turcos á costa de Cangas, no ano 1617.





### **IGREXA DE SAN MARTIÑO | MOAÑA**

A igrexa de San Martiño era un dos templos nos que María Soliña contaba con dereitos de presentación, que lle permitían participar de todos os beneficios que daba a parroquia.

### **COLEXIATA DE CANGAS | CANGAS**

Entre o patrimonio de María Soliña tamén se atopaban os dereitos de presentación na Colexiata de Cangas.



### **IGREXA DE SAN CIBRÁN | ALDÁN**

Os dereitos de presentación na igrexa de San Cibrán foron outros dos bens patrimoniais espoliados a María Soliña polo Santo Oficio tras a súa condena.

María Soliña era unha muller de boa posición económica, co seu propio negocio de manufactura de pescado. Entre o seu patrimonio contábanse, ademais da súa casa no centro da vila de Cangas, varias fincas e dereitos de presentación na Colexiata de Cangas e na igrexa de San Cibrán de Aldán. Os dereitos de presentación recoñecían ao fundador dun templo e aos seus sucesores a posibilidade de participar de todos os beneficios que dese a parroquia.

A situación económica de María Soliña é clave para entender a acusación de bruxería que caeu sobre ela, nun momento no que a vila de Cangas se atopaba nunha situación moi precaria como consecuencia do ataque de corsarios turcos.

No ano 1617 unha escuadra de piratas otománs asolou Cangas, saqueando a vila, acabando coa vida de moitos veciños e facendo que moitos outros perdesen a razón. Isto provocou un considerable descenso da man de obra e das rendas, o que minguou os recursos da nobreza da zona.

Nese contexto, María Soliña e outras oito mulleres da vila de Cangas foron acusadas de bruxería polo Santo Oficio.

No caso de María Soliña, a proba presentada polos denunciante era que a muller visitaba soa a praia cada noite. A acusación obviaba o feito de que o seu marido e irmán morreran nesa praia durante o ataque dos turcos, polo que o máis probable era que María Soliña acudise a rezar polos dous homes.

A consecuencia da acusación, María Soliña foi aprisionada e sometida a torturas físicas e psicolóxicas, ata que confesou levar dúas décadas practicando a bruxería e mesmo manter relacións carnis co demo.

María Soliña non ardeu na fogueira, pero foi condenada a vestir o sambenito durante seis meses e a renunciar aos seus dereitos sobre as igrexas de Cangas e Aldán. O espolio destas propiedades era a razón última detrás da acusación.

# Urraca I de León e Castela

---


Urraca I de León  
(León, 1081 - Saldaña, 1126)

---

*Primeira soberana de pleno dereito na España medieval.*

## CASTELO DE SALVATERRA | SALVATERRA

Dende esta fortaleza, dona Urraca dirixía as súas operacións contra Teresa de Portugal.





### **IGREXA DE SAN TOMÉ | CALDAS**

Este templo foi construído cos restos da Torre de Dona Urraca, onde se di que naceu o rei Alfonso VII de Castela e León.

### **MONTE LOBEIRA | VILAGARCÍA**

Durante a Idade Media, nesta localización existiu unha fortaleza con fins defensivos, testemuña dos enfrontamentos entre dona Urraca e o arcebispo Xelmírez.



### **CASTELO DE VILASOBROSO | MONDARIZ**

No 1117, dona Urraca foi asediada nesta fortificación por Teresa de Portugal. Finalmente, a raíña conseguiu escapar e fuxir a Compostela.

Foi a terceira filla de Alfonso VI e a única lexítima por ser filla de Constanza de Borgoña. As súas irmás, Elvira e Tareixa, descendían dunha amante do rei.

Ante a ausencia dun fillo varón, Urraca foi nomeada e formada como herdeira. Porén, no 1093 naceu o seu medio irmán Sancho, o que cambiou a súa situación. Urraca foi entregada como esposa a Raimundo de Borgoña, pasando de herdeira do reino leonés a condesa consorte de Galicia.

Tras a morte do seu marido e do seu irmán Sancho, Urraca, que xa tiña un fillo –o futuro rei Alfonso VII–, loitou por reclamar os seus dereitos de sucesión ao trono. Lograría ser herdeira, pero non sen que o seu pai, un ano antes de morrer, lle impuxese un novo matrimonio co rei aragonés Alfonso I.

O matrimonio de Urraca e Alfonso I estivo marcado polo conflito e a loita. Urraca, alcumada «a Temeraria», tivo que batallar para manter o seu poder e a integridade dos seus feudos, pois temía que o seu marido acabase coa vida do seu

fillo para arrebatarlle León, Castela e Galicia.

As contendas de Urraca non se libaban unicamente co reino de Aragón, senón tamén co Condado Portucalense, territorio gobernado pola súa irmá Tareixa, con grandes ansias de independencia.

A relación de Urraca con Alfonso I de Aragón rompeuse definitivamente no 1114. Nese momento, a raíña tiña dúas fronte de disputa abertas: as intencións de expansión do Condado Portucalense e Galicia, onde parte da nobreza e o clero aspiraban a proclamar ao fillo da raíña rei independente. Nun gran movemento estratéxico, Urraca conseguiu desviar o interese dos nobres galegos cara ás terras de Portugal. Con todo, no 1139 Portugal proclamaríase reino independente baixo o mando do fillo de Tareixa, Alfonso I.

Malia as conspiracións e disputas, Urraca logrou gobernar en solitario ata o final da súa vida co apoio da nobreza e o clero. Faleceu no 1126, aos 46 anos, deixando os seus reinos en mans do seu fillo, Alfonso VII.

*Maria Vinyals*


—  
María Vinyals y Ferré  
(Soutomaior, 1875 – París, década de 1940)  
—


*Escritora, articulista, artista, pionera do feminismo, rebelde e  
activista social.*



## CASTELO DE SOUTOMAIOR | SOUTOMAIOR

María Vinyals naceu e residiu no castelo de Soutomaior, do que tamén foi propietaria e ao que dedicou o seu libro *El castillo del Marqués de Mos en Sotomayor*.





## **CASTELO DE SOUTOMAIOR | SOUTOMAIOR**

María Vinyals converteu o castelo en lugar de encontro para numerosas personalidades e artistas. Durante algúns anos, a fortaleza funcionou tamén como complexo hospitalario.

María Vinyals, marquesa de Ayerbe, foi unha muller adiantada á súa época.

Sobriña do VIII marqués de la Vega de Armijo, que a tomou baixo a súa protección tras a morte do seu pai, María Vinyals recibiu unha educación esmerada, aprendeu varios idiomas e relacionouse con algúns dos personaxes máis relevantes da vida sociocultural e política da época.

Á morte do seu tío, recibe en herdanza o castelo de Soutomaior, ao que dedicou o seu libro *El castillo del Marqués de Mos en Sotomayor*, considerada a mellor monografía escrita sobre esta fortaleza.

Casou en segundas nupcias co médico e sociólogo de orixe cubana, Enrique Lluria y Despau, co que compartía ideais políticos e sociais, así como a pertenza á Liga Popular de Instrución Pública que Vinyals chegou a presidir. Xuntos emprenderían proxectos como a creación do Sanatorio Lluria, no propio castelo, onde tamén proxectarán

instalar un serradoiro moderno e unha granxa.

Pioneira do feminismo e unha das responsables da súa introdución en Galicia, Vinyals ofreceu varias conferencias de corte feminista en diferentes institucións e colaborou con diversas publicacións a través de artigos coa mesma temática, ao igual que outras intelectuais da época, como a súa amiga Emilia Pardo Bazán.

Malia a súa orixe aristocrática, no ano 1917 solicitou o seu ingreso no Partido Socialista, o que a levou a ser coñecida como a «marquesa roja». Baixo sospeita de realizar actividades subversivas no castelo de Soutomaior, Vinyals viuse na obriga de fuxir a Cuba coa súa familia, onde escribiría relatos para diversas publicacións periódicas.

No 1925, tras a morte do seu marido, Vinyals e a súa familia quedaron nun precario estado económico. Xa de regreso en Europa, María Vinyals faleceu en París durante a II Guerra Mundial.

Elisa (Chichana)  
Patiño Meléndez

---

Elisa Patiño Meléndez  
(Pontevedra, 1890 - 1919)

---

*Primeira muller aviadora en Galicia e probablemente en Europa.*

## PAZO DO REVEL | VILALONGA

Chichana Patiño pasou parte da súa infancia no Pazo do Revel, propiedade da súa familia. Era habitual vela facer o traxecto dende o pazo ata Sanxenxo en bicicleta.



## SANXENXO

Chichana adoitaba pasar os veráns en Sanxenxo coa súa familia.



## PRAIA DE BALTAR | PORTONOVO

O 12 de outubro de 1913, Chichana Patiño voou por primeira vez no aeroplano de José Piñeiro sobre a praia de Baltar.

Elisa Patiño Meléndez, coñecida como Chichana, era filla dos duques de Patiño. Tivo unha educación esmerada e converteuse nunha muller culta, con talento para a pintura e a música, e moi comprometida coas causas sociais.

Adiantada ao seu tempo e con carácter aventureiro, Chichana sorprendía aos seus veciños coas súas iniciativas, como facer en bicicleta o traxecto dende Sanxenxo ao pazo de Revel, en Vilalonga, nun tempo no que non estaba ben visto que as mulleres viaxasen soas e moito menos en bicicleta.

A historia de Chichana Patiño pasaría á posteridade polo seu vínculo co Aviador Piñeiro. O 8 de abril de 1913, Piñeiro despegaba da praia de

Baltar, en Portonovo, co seu aeroplano *Beriot*. Facíao acompañado de Chichana Patiño, á que convidara a unirse á súa saída.

Dende entón, Chichana acompañaría a Piñeiro en múltiples voos, ata que o 12 de outubro de 1913, ela mesma tomaría os mandos do *Beriot*, na súa primeira experiencia como piloto.

Aínda que probablemente Chichana Patiño nunca obtivo o título de piloto, para solicitalo só era necesario acreditar 50 horas de voo, algo que ela superaba de sobra.

A pandemia da gripe española foi a causante da prematura morte de Chichana Patiño, que falecía o 12 de abril de 1919 aos 26 anos.

Manuela  
Barreiro

---

Manuela Antonia Barreiro Pico  
(Viveiro, 1877 - Madrid, 1953)

---

*Primeira muller en obter o título de Bacharelato en Galicia,  
primeira matriculada na Universidade de Santiago de  
Compostela e primeira licenciada de Galicia.*



## CONVENTO DE SAN FRANCISCO | VIVEIRO

Manuela Barreiro nasceu no antigo convento de San Francisco, onde vivia e dava classe o seu avó materno.





### GOIA'S (BAR) | RIBADEO

A Farmacia Moderna, propiedade de Manuela Barreiro, atopábase no número 14 da rúa Rodríguez Murias.

### TORRE DOS MORENO | RIBADEO

Ademais de residir no piso situado sobre a súa farmacia, Manuela Barreiro viviu tamén durante algúns anos no segundo piso da Torre dos Moreno.



### PAZO DE FONSECA | SANTIAGO

Manuela Barreiro foi a primeira muller licenciada da Facultade de Farmacia da USC, orixinalmente situada no Pazo de Fonseca.

Manuela Barreiro naceu no antigo convento de San Francisco, en Viveiro, onde vivía e era mestre o seu avó materno, Justo Pico de Coaña y Vijander, un dos pedagogos máis sobranceiros da Galicia do século XIX.

Neta e filla de mestres, Manuela tivo sempre unha actividade académica sobresaínte, aínda que non exenta das trabas propias ás que tiñan que enfrontarse as mulleres da época, véndose na obriga de loitar por dereitos que aos homes simplemente se lles presupoñían.

Tivo que solicitar permiso para estudar o bacharelato, que rematou no 1896 sen ningún antecedente coñecido, polo que é considerada a primeira muller galega en obter este título. Máis tarde tería que pedir de novo autorización para matricularse na Universidade de Santiago de Compostela, sendo a primeira muller en facelo, no 1896.

Ela sería tamén a primeira muller en Galicia en licenciarse en Farmacia –a sétima en España–, no 1900.

Obter o título non foi o final da loita de Manuela Barreiro. A realidade da época obrigouna de novo a precisar permiso para poder exercer como farmacéutica, licenza que lle sería concedida no 1901.

Barreiro abriu a súa farmacia en Ribadeo baixo o nome de Farmacia Moderna, aínda que na vila sería coñecida como a «farmacia das Piconas», en referencia a Manuela e a súa irmá, Emilia, de segundo apelido Picón.

Manuela Barreiro exerceu a profesión ata 1931, ano no que vendeu a súa farmacia. Pasou o resto do seu tempo entre Ribadeo e Mondoñedo, para finalmente mudarse a Madrid, onde faleceu no 1953.

# Pepa a Loba

---

Pepa a Loba  
(A Estrada, 1835 - ?)

---

*Bandoleira protagonista dunha das lendas máis famosas de Galicia.*

## POUSADA LUGAR DA ABELLEIRA | LUGO

Pepa a Loba tiña a súa pousada en Xermade, no Camiño Real da Carba entre Mondoñedo e Ferrol.





## **SERRA DO COUREL | O COUREL**

Pepa a Loba actuou por toda Galicia, dende a serra do Courel ata Ourense, o que fai pensar que se trataba de varias mulleres ou dunha banda capitaneada pola bandoleira.

Pénsase que Josefa naceu na comarca do Deza, probablemente na Estrada, froito dunha violación á súa nai, que morreu durante o parto.

A nena quedou ao coidado duns parentes e entre os seus deberes cotiáns estaba o de levar as ovellas a pacer aos montes. Cóntase que un día o rabaño foi atacado por un lobo, ao que Pepiña se enfrontou para protexer aos animais, gañando así o alcume de Pepa a Loba.

A vida de Pepa a Loba trúncase cando é falsamente acusada polo asasinato do seu tío e ingresa en prisión. A veracidade da existencia de Pepa a Loba queda demostrada precisamente nunha das súas estancias no cárcere, onde mantivo un encontro coa visitadora Concepción Arenal, que así o deixou rexistrado.

Dise que Pepa logrou escapar do seu primeiro encarceramento vestida de cura e determinada a vingarse dos responsables da súa falsa acusación.

A partir de entón xorde a lenda de Pepa a Loba, bandoleira e vingadora que actuou por toda Galicia asaltando a caciques e a curas. A súa presenza no Courel, Mondoñedo, Ribadeo, Cee, O Carballiño, Ferrol ou Vilalba fai pensar que baixo a lenda de Pepa a Loba actuaban varias mulleres, talvez unha banda capitaneada por ela.

Máis aló da súa actividade como bandoleira, pénsase que a verdadeira Pepa residía en Xermade, onde tiña unha pousada na que daba cama e comida aos viaxeiros e comerciantes que percorrían o Camiño Real da Carba entre Mondoñedo e Ferrol.

María Castaña

—  
María Castaña ou  
María Castiñeyra (século XIV)  
—

*Personaxe proverbial e revolucionaria que liderou un  
levantamento contra o bispo de Lugo.*



## PRAZA MAIOR | LUGO

María Castaña encabezou unha revolta contra os abusos dos recadadores do bispo de Lugo, na que o mordomo deste foi ferido de morte, na actual Praza Maior.



## CATEDRAL DE LUGO | LUGO

A consecuencia dos seus delitos, María Castaña e a súa familia tiveron que doar todas as súas propiedades á catedral de Lugo.



## SAN PEDRO DE CEREIXA | POBRA DO BROLLÓN

María Castaña vivía coa súa familia no coto da Cereixa, actualmente parroquia pertencente á Pobra de Brollón.

Protagonista dun refrán, símbolo da antigüidade moi remota, María Castaña viviu no século XIV no coto de Cereixa, actualmente Pobra do Brollón (Lugo).

María Castaña tomou parte activa nas loitas que os plebeos libraban contra os señores feudais e o señorío episcopal a conta dos tributos, encabezando unha revolta contra frei Pedro López de Aguiar, bispo de Lugo.

O 18 de xuño de 1386, María Castaña confesou que fixera inxurias á igrexa de Lugo e que matara, xunto co seu marido, fillos e cuñado, a Francisco Fernández, mordomo e recadador do bispo. A consecuencia deste delito, María Castaña e a súa familia tiveron que doar á catedral de Lugo todas as súas propiedades no coto de Cereixa, pagar mil marabedís e comprometerse a non volver atentarse contra os recadadores da Igrexa e do bispo, axudándoos a partir dese momento en todo o necesario.

Tomás  
Touza Domínguez

—  
Lola, Amparo e Julia Touza Domínguez  
—

*Tres irmás galegas que crearon unha rede de escape clandestina  
para axudar a fuxir os xudeus do holocausto nazi.*

## ESTACIÓN DE TREN DE RIBADAVIA | RIBADAVIA

As irmás Touza rexentaban un pequeno quiosco na estación de tren de Ribadavia, onde axudaban aos xudeus a agocharse para poder escapar dos nazis.



## PONTE DE FERRO | RIBADAVIA

Polas noites, as irmás Touza axudaban aos xudeus a cruzar pola vía do tren, atravesando a ponte de ferro, para chegar dende a estación ata a súa casa, no centro de Ribadavia.



## RÚA JERUSALÉN | RIBADAVIA

Unha placa recorda a figura das irmás Touza, na que foi a súa casa da rúa Jerusalén, situada nun dos laterais da Praza Maior de Ribadavia.

As irmás Touza rexentaban o casino de Ribadavia e unha pequena tenda na estación de tren, a vinte quilómetros da fronteira con Portugal. A súa fazaña comeza no ano 1941, cando, tras falar cun forasteiro na propia estación, descubren que se trata dun xudeu fuxido dos nazis.

Nace así unha rede de escape clandestina que partía dos Perineos, a través da liña de tren Hendaya-Vigo e remataba na beira portuguesa do Miño. Unha rede que converteu a Ribadavia nun epicentro mundial de axuda aos xudeus, que chegaban a este concello ourensán preguntando por La Madre, nome en clave co que se coñecía a Lola Touza. As irmás Touza agochábanos na súa tenda e no soto da súa casa, ata que podían cruzar con

seguridade a Portugal e emprender a súa fuxida do continente.

A rede creada polas irmás Touza contaba con outros colaboradores necesarios: o cónsul portugués Arístides de Sousa, que facilitaba os visados aos xudeus, dous taxistas da vila, un emigrante retornado que facía de intérprete e dous veciños que axudaban aos fuxidos a cruzar o Miño.

Estímase que entre 1941 e 1945, as irmás Touza axudaron a fuxir dos nazis a máis de 500 xudeus. Aínda que a Gestapo acudiu en varias ocasións a Ribadavia preguntando por La Madre, nunca chegaron a descubrilas.

*Eugenia Pereira*

—  
Eugenia Pereira Rodríguez  
(O Carballiño, 1895 – Barcelona, 1984)  
—

*Científica galega e pioneira da farmacia. Creadora do primeiro deterxente líquido comercializado en España.*



## O CARBALLIÑO

Eugenia Pereira naceu no Carballiño o 3 de abril de 1895.





## VIÑEDOS RÍO AVIA

Eugenia Pereira estudou enoloxía en Bordeos, coa intención de mellorar os procesos de produción nas vides que a súa familia posuía no val do río Avia.

Eugenia Pereira comezou en 1917 os seus estudos de Farmacia, a pesar da oposición da súa familia, que consideraba que unha muller non precisaba máis que saber guisar, coser e pasar o ferro. No ano 1921 obtén a licenciatura con premio extraordinario, recoñecemento que repetiría no 1923 licenciándose esta vez en Química. Máis tarde, Eugenia Pereira obtería o doutoramento nas dúas materias.

Tras conseguir unha bolsa JAE (Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas), viaxa a Bordeos a estudar enoloxía, co obxectivo de mellorar os procesos de produción nas vides da súa familia, ás beiras do Avia.

Trasládase a Barcelona, cun cargo por oposición como xefa do Laboratorio Químico da Aduana. Nesta cidade viviría o resto da súa vida e desenvolvería a súa faceta de emprendedora nos seus Laboratorios Pereira. Alí aplicaríase as súas investigacións á industria, creando antibióticos, cosméticos, pastas dentais, produtos de farmacia e droguería, e o primeiro deterxente líquido comercializado en España.

Nieves  
Fariza Alonso

---

Nieves Fariza Alonso  
(Cambados, 1911 - Ourense, 1975)

---

*Activista pioneira na defensa dos dereitos dos traballadores do  
ferrocarril e as súas mulleres.*

## XACEBÁNS | CELANOVA

Neves Fariza amosou a súa oposición á Igrexa negándose a impartir clases de relixión cando exercía de mestra en Xacebáns.





### LIÑA FERROCARRIL SUR DE OURENSE

A súa vida estivo marcada pola loita polos dereitos dos traballadores da liña de ferrocarril que atravesa o sur de Ourense.

### ESTACIÓN SAN FRANCISCO | OURENSE

Nieves Fariza foi homenaxeada na estación de tren de San Francisco, polo seu labor a favor dos traballadores ferroviarios e as súas viúvas.



### RÚA DO PASEO | OURENSE

Logo de ser acusada por exercer de laboralista sen título, Nieves Fariza titulouse como avogada e abriu un consultorio social na rúa do Paseo.

Nieves Fariza exercía como mestra en Celanova, onde se enfrontou á Igrexa católica por negarse a impartir clases de relixión. Un feito polo que ía ser fusilada no 1936, cando consegue escapar.

O matrimonio de Nieves Fariza cun operario do ferrocarril foi o xerme da súa loita contra as elites empresariais pola explotación destes traballadores, que vivían en condicións miserables coas súas familias. Grazas á súa intervención, logrou que a estes homes se lles pagase o desprazamento aos seus postos de traballo, 30 céntimos por quilómetro, gañando o alcume de «A dos quilómetros».

Non sería o único sobrenome co que se coñecería a Nieves Fariza. Logo do seu enfrontamento cos empresarios da Compañía do Ferrocarril de Medina a Zamora e de Ourense a Vigo, pasaría a ser chamada «A desenterramortos». Fariza reclamaba pensións de viuvez dignas para as mu-

lheres dos operarios afectados polo «mal da vía», a silicose. Para conseguilo, logrou permisos para exhumar os cadáveres dos traballadores, que carecían de seguridade social, e facerlles unha autopsia. Así demostrou que a súa morte se debera a esta enfermidade e logrou que a silicose se declarase doenza profesional.

Tras esta loita, Nieves Fariza foi perseguida polos empresarios, denunciada por exercer de laboralista sen título e ingresada no cárcere. Unha vez recuperada a liberdade, obtivo a titulación e abriu un consultorio social na rúa do Paseo de Ourense, co que fora o seu avogado defensor, Luis Pérez Coleman.

O bufete Adelante apoiou a defensa dos traballadores do ferrocarril por toda Galicia, así coma na conca mineira asturleonese. Froito deste labor derivaría un novo alcume para Nieves Fariza, «A Pasionaria Branca».

# Monxas de Ramirás

---

Monxas do mosteiro de San Pedro de Ramirás  
(Ourense, século XI)

---

*Orde relixiosa bieita, referente feminino de poder e organización  
na sociedade feudal.*



## MOSTEIRO DE SAN PEDRO DE RAMIRÁS | RAMIRÁS

O de San Pedro de Ramirás é un grande exemplo de mosteiro feminino que exerceu como centro de poder feudal durante a Idade Media.





### **ALCÁZAR DE MILMANDA | CELANOVA**

O labor das monxas de Ramirás contribuíu á dinamización dos mercados locais, como o de Milmanda.

### **RIBADAVIA**

O esplendor económico trouxo consigo o crecemento da poboación nas vilas da área de influencia do mosteiro, como Ribadavia.



### **MOSTEIRO DE SAN PAIO DE ANTEALTARES | SANTIAGO**

A finais do século XV, o descenso do número de monxas do mosteiro levou á súa adhesión ao mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares.

A figura da muller dentro das elites da Igrexa católica é historicamente marxinal. Neste contexto, é destacable o papel que algúns mosteiros femininos xogaron como centros históricos de poder dentro da sociedade feudal da Idade Media.

Un dos mellores exemplos deses núcleos de poder feminino na Galicia medieval era o mosteiro de San Pedro de Ramirás, que data de finais do século X ou comezos do século XI.

Este mosteiro beneditino logrou converterse no principal dinamizador económico da zona grazas á xestión das súas abadesas, que defendían as posesións do mosteiro e preiteaban contra aqueles que ameazaban os seus dereitos. Así acumularon un importante patrimonio proveniente de herdanzas, doazóns, adquisicións ou permutas, e lograron un papel predominante dentro da xerarquía social da zona.

Coa súa xestión, as monxas de Ramirás lograron esplendor económico para o mosteiro e a súa zona de influencia, a través da dinamización dos mercados locais, principalmente en Ribadavia e Milmanda, o que tamén contribuíu ao crecemento da poboación destas vilas. A importancia como centro de poder do mosteiro de Ramirás é destacable ademais de polo seu carácter rural pola competencia directa do veciño mosteiro de Celanova.

O poderío e a opulencia do mosteiro de San Pedro de Ramirás viviría o seu maior esplendor no século XIII. Posteriormente, o número de monxas no mosteiro iría descendendo progresivamente, ata rematar na adhesión ao mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares, a finais do século XV.

*Galicia con nome de muller* propón unha viaxe por algunhas das paisaxes actuais da nosa xeografía, que en tempos foron testemuña da vida e obra de mulleres excepcionais, responsables de fitos únicos para a nosa comunidade e para o mundo.

Trátase dunha guía onde a fotografía de destino comparte protagonismo con pequenos relatos biográficos, chamados a vencellar cada unha das paisaxes retratadas coa historia e

traxectoria de mulleres galegas relevantes.

Podemos comprobar como, se ben moitos destes escenarios xa nos resultaban coñecidos, a súa relación coa historia, o traballo e a contribución de mulleres únicas ou mesmo a súa propia existencia é nova para nós. Unha consecuencia directa de que, durante moitos anos, os relatos históricos e culturais lles deran as costas ás achegas das figuras femininas.

